



“PLAN ANUAL DE APOIO A ORIENTACIÓN EDUCATIVA. Curso 2019/20”

**Concreción para o 3º trimestre do curso dada a situación de excepcionalidade ocorrida ante a pandemia polo Covid-19.*

Dende a LOXSE, LOCE, LOE, LOMCE e as diferentes disposicións e normativas legais que as desenvolven tamén a na CCAA , establécese a “Orientación” como un dos principios reitores da práctica educativa. A Orientación e acción de titoría serán intrínsecas á práctica pedagóxica cotiá de todo docente, debendo desenvolverse estas co fin de asegurala calidade, adecuación e mellora dos procesos de ensinanza-aprendizaxe (e de todo proceso de educación).

Proponse como finalidade dos procesos orientadores **“o permitir ao alumnado chegar e acadar ó máximo das súas posibilidades, contribuíndo a que exista unha maior coordinación e concordancia entre os seus intereses, necesidades, capacidades,... e o proceso educativo”**. Trátase dun proceso continuo a desenvolver ó longo de toda a escolaridade do individuo e nas diferentes etapas educativas, prolongándose incluso mais alá.

O plan de apoio á orientación académica educativa e profesional do centro para o curso académico actual establece e estruturase, así, en torno a tres ámbitos e diferentes liñas prioritarias de actuacións, e ao abeiro do sinalado Normativamente, de acordo coa avaliación de necesidades realizada, revisado o Plan de orientación do centro e a memoria do curso anterior; e tras a constitución en CCP do D.O.

O centro educativo escolariza alumnado de Educación infantil, Primaria, ESO, procedente de contexto maioritariamente rural, o que conleva unhas características de heteroxeneidade importantes. Contase con profesorado na súa maioría definitivo pero este curso escolar en un número importante de nova incorporación ao centro, estando a especialista do D.O. definitiva aínda que estivo sendo provisional nos último cursos e



repercutindo no traballo desenvolvido e funcionamento do departamento e a orientación educativa dita situación de provisionalidade.

Variables todas elas a considerar na avaliación de necesidades e no establecemento de prioridades e actuacións de intervención.

1. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN a continuar no 3º trimestre, e desenvolvidas fundamentalmente dende traballo e ferramentas online.

Obxectivos para o curso académico.

Ao abeiro da disposición derradeira primeira da Orde do 24 de xullo de 1998, a Consellería de Educación e O.U. marca as liñas prioritarias de actuación dos servizos de orientación educativa e profesional para o curso, “priorizando determinados aspectos, nas circulares da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de F.P. e Ensinanzas Especiais, sen prexuízo do establecido na normativa vixente, nos proxectos educativos e curriculares dos centros, PXA,...; así como nos plans de actuación anuais dos equipos de orientación específicos e dos departamentos de orientación”.

Polo que, as actuacións para o curso veñen enmarcándose dentro dos seguintes ámbitos/obxectivos:

A.- Dinamizar as medidas que incidan na mellora da convivencia no centro educativo e na promoción de condutas tolerantes, fundamentalmente a través de accións como:

- O estudo da situación, a partir da revisión do que está feito.
- A elaboración de propostas que impliquen ao centro, con estratexias e instrumentos.
- A implementación de novas medidas de prevención e resolución pacífica de conflitos.

“Aprender a convivir” forma parte de todo proceso educativo. Un dos fins fundamentais da educación consistirá na adquisición de estratexias, habilidades, actitudes e coñecementos que nos permitan progresar, individual e colectivamente, en harmónica relación dos uns cos outros e co medio ambiente/entorno no que vivimos.

B.- A resposta e atención á diversidade do alumnado escolarizado no centro educativo, dende unha escola plural, inclusiva e equitativa, fundamentalmente mediante:



- ✓ A colaboración cos equipos de ciclo e cos departamentos didácticos no deseño e implementación de medidas que favorezan o desenvolvemento persoal, social e cognitivo de todo o alumnado do centro educativo, previndo respostas axeitadas.
- ✓ A revisión, seguimento e/ou modificación das medidas de resposta/atención educativa que está a recibir o alumnado, e especialmente aquel con dificultades de aprendizaxe e/ou integración, NEE...; dende a inclusión e a normalización como principios fundamentais; e priorizando a proposta de metodoloxías innovadoras e activas, colaboradoras e inclusivas.
- ✓ A promoción dunha educación intercultural e o establecemento de plan/accións de acollida do alumnado, prioritariamente na incorporación ó centro educativo, cambios de etapa e ciclo,.., e de xeito especial aquel de nova incorporación e cando este proceda do estranxeiro; enmarcado nun plan global de convivencia e acollida de centro.

C.- A orientación académico-profesional na formación ó longo da vida, a través de:

- ✓ A coordinación entre os servizos de orientación do ámbito educativo e laboral no marco do sistema integrado de información e orientación que contempla o plan galego de formación profesional; así como con outras instancias, organismos e institucións da contorna.
- ✓ O asesoramento sobre os diferentes itinerarios/saídas formativos e profesionais, así como sobre a avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais da poboación activa, tendo en consideración as leis europeas e a lei 5/2002 das cualificacións e da formación profesional.

D.- O fomento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, intensificando:

- ✓ O aproveitamento das posibilidades que proporcionan as novas tecnoloxías no campo da orientación e o asesoramento.
- ✓ A busca de información polo propio alumnado, co obxecto de que adopte decisións autónomas e responsables sobre o seu futuro de formación e emprego.



- ✓ A dinamización do uso do ordenador e outras novas tecnoloxías da información para poñer en marcha estratexias de aprendizaxe.
- ✓ A difusión de experiencias e materiais, que redunden na innovación dos procesos educativos e formativos do alumnado.

Ademais, desde este departamento de orientación priorizanse as seguintes actuacións para este curso académico e en continuidade co traballado nos cursos académicos anteriores:

☐ Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado dos diferentes niveis e etapas de escolarización, e en especial aquel que comeza a súa escolarización e/ou cambio de etapa; e realizar as avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren pertinentes.

☐ Diseñar, dentro do Plan de Acción de Tutoría, programas de intervención específicos e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas, en igualdade e coeducación.

☐ Colaborar co profesorado no afianzamento de técnicas, estratexias e hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das capacidades do alumnado; así como afianzar o sentido do traballo en metodoloxías activas, inclusivas e innovadoras; aprendizaxe social, cooperativo e por proxectos, a valoración das apartacións dos demais e o respecto a outras formas diferentes de pensar e ser.

☐ Colaborar cos departamentos didácticos e cos equipos docentes para que se fomente e se potencie a aprendizaxe das áreas ou materias que por teren carácter instrumental van facilitar a adquisición doutros contidos curriculares; e de xeito interdisciplinario e multicompetencial, e activo... Previndo dificultades e dando respostas educativas as que amosen o alumnado.



☐ Diseñar e levar a cabo accións específicas coordinadas que favorezan e optimicen a resposta/atención educativa ao alumnado ACNEE.; de xeito inclusivo e normalizador. Traballando na detección precoz e a diagnose multidisciplinar que permita intervencións eficaces e acertadas.

☐ Ofrecer información/asesoramento ao alumnado do centro sobre madurez vocacional e toma de decisións, relativa a alternativas e itinerarios formativo-profesionais; facendo fincapé no coñecemento persoal, da oferta educativa e laboral e do correcto proceso da toma de decisións, de xeito que se favoreza o transito do mundo formativo ó laboral e a madurez persoal.

2. AMBITOS DE ESPECIAL ATENCIÓN E TAMÉN PARA O 3º TRIMESTRE Serán dende un traballo e ferramentas online:

1.- **Atención á diversidade** no que se refire á atención ao alumnado con necesidades educativas específicas e de carácter especial, coas seguintes accións:

- Revisión e seguimento da resposta educativa e medidas de atención a diversidade ao alumnado ACNE e especialmente de carácter especial e, cando cumpra, a súa modalidade de escolarización e para o curso académico actual e vindeiro.
- Planificación e proposta axeitada de recursos humanos e materiais específicos para atender ao alumnado con dificultades e que amosa necesidades educativas específicas e de carácter especial..
- Asesorar e ofrecer recursos ao equipo directivo e ao profesorado en xeral, para mellorar a atención á diversidade do alumnado
- Analizar e facer seguimento das medidas de atención á diversidade establecidas no proxecto educativo e no proxecto curricular e introducindo, se é o caso, propostas e suxestións de mellora
- Prestar apoio especializado e asesoramento respecto ao alumnado con dificultades, sobre todo de carácter específico e especial, e nas áreas instrumentais,.



- Facilitar materiais, recursos e asesoramento ao profesorado neste apartado, para continuar a traballar tanto nas áreas como na titoría.

2.- A **convivencia** no marco da formación de cidadáns responsables, autónomos e participativos.

- ❖ Asesorar aos titores/as e ao profesorado no desenvolvemento de actuacións dirixidas as relacións sociais/interacción e a convivencia positiva, implicando máis activamente posible ás familias no proceso educativo dos seus fillos-as.
- ❖ Propiciar a continuidade de programas específicos de educación para a tolerancia e prevención da violencia nos xovenes, a través de traballo colaborativo e seguimento cos servizos sociais do concello, e dende programas e accións implementadas que atendan a competencia emocional e afectiva e co educativa en igualdade
- ❖ Propostas ás titorías de accións de intervención que favorezan un clima de convivencia positivo de aceptación e respecto nos grupos. Prevención de bullying, resolución positiva e construtiva de conflitos, cultura de paz democrática.

3.- O **asesoramento e a orientación profesional** na formación ao longo da vida.

- ❖ Programa específico e actuacións de orientación académica e profesional, incidindo especialmente naqueles grupos de alumnado que deben realizar unha toma de decisións mais inminente e ligada a estudos posteriores ou á súa inserción socio-laboral. Cambios de etapa e finalización das mesmas..
- ❖ Propoñer, facer o seguimento e avaliar programas de orientación académica e profesional dirixidos ao alumnado. Desenvolvendo a madurez vocacional e persoal e a toma de decisións, coa implicación e colaboración dende as familias a de organismos e entidades sociais da contorna.

3.- COMPOSICIÓN e FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

O Departamento de Orientación é o espazo institucional dende onde se articulan as funcións de orientación e titoría no centro educativo, así como tamén as dunha oferta curricular adaptada e diversificada. Estas funcións teñen que incardinarse dentro da organización e funcionamento educativo xeral do centro e nos seus documentos



institucionais e curriculares do centro, para darlle coherencia, operatividade e funcionalidade educativas.

Por non poder realizar traballo orientador de xeito presencial no centro educativo dende a situación de declaración de estado de alarma polo Covid 19, non poderán celebrarse reunións de coordinación semanais presenciais tal como establece prescriptivamente a normativa ao respecto da organización e funcionamento dos DO. Esta coordinación debe continuar a ser online e dende ferramentas de tele traballo (Google class, Cisco Webex, e-mail,...) co obxectivo de valorar e realizar coordinación na marcha da orientación educativa e profesional no centro educativo, de planificar e establecer propostas a comunidade educativa que revertan na innovación e mellora da calidade do proceso educativo e na atención educativa e orientadora do alumnado. Seguindo a ser órgano técnico de asesoramento a toda a comunidade escolar..

Sinalar que a responsable e especialista do D.O. no horario lectivo de permanencia como profesional no centro educativo contémpanse 23 horas, das que 18 son de dedicación a labores do orientación educativa e profesional propias do D.O. Debendo compartilas (1 día a semana a lo menos) con labor de orientación no centro CEIP Pumar (Urdilde). Todas elas de xeito non presencial e dende tele traballo online ao longo do 3º trimestre.

4.- Apoio o PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Entendemos por “**diversidade**” as **diferenzas e individualidades** que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares, en canto a: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, entornas sociais e culturais. Aspectos **que conforman tipoloxías e perfís no alumnado** que **van e deben determinar, en gran medida, a planificación e acción educativa a desenvolver na praxe docente de aula.**

Dentro desta **diversidade xeral e heteroxeneidade**, algún alumnado posiblemente precise dunha atención diferente a ordinaria, mais específica e concreta e incluso individualizada:

- Por presentar **n.e.** específicas e de carácter especial (alumnado que requira



por un período transitorio ou permanente da súa escolarización, determinados apoios e atención e respostas educativas específicas, derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.)

- Por presentar dificultades específicas de aprendizaxe xeneralizadas, por trastornos diversos ou retardos madurativos e nas aprendizaxes..
- Polas súas altas capacidades intelectuais
- Por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo
- Por condicións persoais/socio - familiares e/ou de historia escolar
- ...

Para todos eles, unha vez identificadas e avaliadas as **necesidades específicas**, foi preciso ir adaptando as respostas educativas dende as programacións xerais e as programacións da aula (UDIs), ata aquelas outras propostas que modifiquen mais ou menos significativa mente a proposta curricular ordinaria; neste caso, chegando a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio individualizado mais ou menos especializados ou específicos. Isto **sempre dende os principios de máxima normalización e inclusión**. Priorizando as medidas ordinarias e soamente despois progresivamente as medidas extraordinarias, sempre e cando fose valorada e xustificada a súa necesidade. Resultand complementarias e non excluíntes todas elas na súa implantación e desenvolvemento.

A **identificación temperá das necesidades educativas (entendidas como continuo) no proceso de E-A do alumnado**, a súa **valoración e proposta da resposta educativa** constituirán procesos necesarios e prioritarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade do alumnado.

Isto veuse realizando e farase alomenos a través dos seguintes mecanismos:

- o Na avaliación inicial realizada a comezos de curso e en cada un dos niveis e de todas as etapas xunto co especialista do D.O. e demais profesorado especialistas e membro da dirección do centro. Dende o D.O. desenvolvendo estratexias e valoracións temperás que permitan detectar alumnado con mais problemática de aprendizaxe, derivando e transmitindo información e propostas de medidas.
- o Nas xuntanzas de avaliación de cada trimestre e co seguimento de titoría



ao longo do trimestre e nas reunións/accións de coordinación de ciclo eu nivel;

xunto co especialista do D.O. e XE ou membro do equipo directivo

- o Ao finalizar o curso avaliarase e informarase polos titores-as o proceso educativo de cada alumno/a,..
- o En momentos periódicos e/ou puntuais, segundo as necesidades detectadas en coordinación co DO, sempre que sexa preciso...

Sinalar que respecto da valoración e detección das necesidades educativas xerais e mais específicas do alumnado do centro, alomenos unha porcentaxe importante:

❖ Amosaron *dificultades no desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais* básicas: dificultades para extraer/inferir as ideas principais dun texto, para expresarse tanto por escrito como especialmente a nivel oral, dificultades no razoamento e lóxica así como no cálculo mental. Precisando afianzarse todas as competencias clave a desenvolver como instrumentais no proceso de aprendizaxe..

❖ Non conta con adquisición e adecuada consolidación de *hábitos básicos de traballo*, nin *estratexias e técnicas de estudo*, *TTi mais persoais e avanzadas*. Así como unha moi baixa competencia dixital que está quedando constatada polo cambio de metodoloxía non presencial (pasando a ser esta online) no E-A pola situación dada.

❖ Presenta deficiente organización e responsabilidade do e no traballo persoal académico (calendario, horario diario de estudo, axenda, seguimento e planificación de tarefas de estudo,...).

❖ Emprega un método de estudo fundamentalmente memorístico. Non tendo adquirido as técnicas de traballo básicas de inferencia e de traballo da información (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquemas...) e TTi.

❖ Amosa falla de *expectativas e motivación xeral* cara o estudo e académico especialmente no 2º curso de ESO..

❖ *NEE de carácter mais específico e/ou especial* que presenta determinado alumnado nos diversos niveis educativos:

(elevouse en anexo a comezo de curso a recollida de datos de NE e de medidas de atención a diversidade elaborado pola responsable do D.O. por niveis e etapas educativas e previsto para o curso académico aos respectivos titores e titoras dos diferentes niveis e etapas, e o Drdi)

Sinalar que se estableceu dende o centro educativo como medidas mais



extraordinarias de carácter curricular e organizativo para o curso e a continuar no 3º trimestre: Exención de 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º ESO, RE ordinario en aula, e específico e especializado das profesoras especialistas de AL e PT o alumnado obxecto de ACNEE, revisión e realización de varias ACis en educación primaria e secundaria. Así mesmo, realización de valoracións psicopedagóxicas, seguimento e detección precoz en primaria e secundaria de NE no alumnado (TDAH, Dislexias, trastornos da linguaxe, a lecto-escritura e disortografías, retrasos madurativos, trastornos sensoriais, trastornos do comportamento grave-TEA e Asperxer, Altas capacidades diagnosticadas e outras susceptibles, ...)

Seguen a ser obxectivos do plan de apoio a atención a diversidade (de carácter xeral e específico a conquistar tamén no 3º trimestre e dende un traballo online no posible):

- **Aceptar e valorar as diferenzas e diversidade** do alumnado como un **feito normal e de enriquecemento** na comunidade educativa..
- Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade, dentro das súas posibilidades, o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos en xeral para cada etapa.
- **Deseñar, planificar e desenvolver coordinadamente medidas eficaces** de tipo organizativo e curricular nas diferentes etapas de escolarización, que dean resposta as características e necesidades do alumnado; e de xeito progresivo...
- Potenciar a **coordinación das liñas de actuación** do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumno/a..
- Fomentar a **titoría e a orientación como instrumentos eixo para a prevención, detección e atención temprana de dificultades**, e prioritariamente do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e especialmente as de carácter especial (ANEAE).
- Promover a **creación e difusión** entre o profesorado de **recursos**, materiais, bibliografía, estratexias e metodoloxías educativas axeitadas á diversidade e de carácter innovador,
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: DO,



titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro...

- Valorar a importancia da **convivencia** e crear un ambiente de traballo e compañeirismo que axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, promova a colaboración e o traballo innovador, e de competencias socio-afectivas fundamentais para o desenvolvemento persoal integral...
- Crear un clima de **cooperación entre o centro e as familias**, para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.
- Asesorar ás familias sobre pautas educativas e recursos (educativos, sociais, sanitarios, etc); implicándose e participando conxunta e explicitamente no proceso educativo e de desenvolvemento
-

Todo isto dende a implementación de actuacións e medidas de carácter ordinario e extraordinario, intervención e asesoramento do D.O., aportación de recursos tanto do D.O. como do centro educativo e outros posibles materiais e humanos. Así como dende o fomento de colaboración e implicación de toda a comunidade educativa dende un mellor e mais eficaz traballo e coordinación online.

Avaliaranse as actuacións tanto de xeito continuo como final, dende instrumentos diversos e reflectíndose resultados e propostas de mellora na memoria final de curso

5.- O Apoio o PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

A acción de tutoría entenderase como unha actividade educadora que pretende reforzar as actuacións tanto do profesorado, pais e alumnado como de todo o persoal que incide directa ou indirectamente na educación. Desenvolverase a través de diferentes tipos de actividades diferenciadas e recollidas no Plan de Acción de Tutoría do centro, que o titor/a poderá seleccionar e implementarse co grupo, priorizarse e concretarse en función das súas posibilidades persoais e das necesidades e características/perfil do seu grupo de titorados e nunha situación de traballo non presencial. Planeáranse liñas de actuacións e coordinación semanal dende ferramentas online, coa especialista do D.O. Concretándose actuacións e valorando posibles dificultades e problemáticas que vaian xurdindo dos diferentes grupos e niveis, procurando respostas e actuacións preventivas nas tutorías.



A.-Análise de necesidades.-

Da análise de necesidades, entendeuse como prioritarias as seguintes liñas de actuación que continúan vixentes para o 3º trimestre dende o traballo online:

- A acción de titoría dirixida:

Ó profesorado

- facilitar o coñecemento e apoio do alumnado
- reforzar o proceso ensino-aprendizaxe
- colaborar no desenvolvemento curricular
- ...

Ó alumnado

- ensinar a ser persoa
- ensinar a convivir
- ensinar a decidirse
- ensinar a pensar

Ás familias

- relacionarse coa institución educativa
- relacionarse cos fillos
- información persoal, académica e profesional.

Nestas liñas recóllense os grandes bloques de temas e de actividade de titoría, co e do profesorado, en particular dos titores/as, nos ámbitos dos tres subprogramas que se relacionan de seguido e propostos para o curso; e a levar a cabo co alumnado, co grupo, as familias, o equipo educativo, equipo directivo.. Contando e dende apoio técnico e asesoramento especializado do Departamento de Orientación.

(*Ver proposta de accións respecto dos diferentes membros da comunidade educativo e posible proposta de actividades por niveis e etapas educativas respecto da aula co alumnado e grupo . En anexos do programa anual do D.O.)

B) Síntese de Accións prioritarias co alumnado, familias e profesorado

SUBPROGRAMAS	Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe	Madureza vocacional e	Atención á diversidade.
---------------------	--	------------------------------	--------------------------------



		orientación profesional	
Co alumnado	<p>Facilitar a integración do alumnado no grupo e no centro.</p> <p>Personalizar este proceso, facendo un seguimento.</p> <p>.Recadar axuda e apoio cando proceda.</p>	<p>Promover actividades de información e de reflexión</p>	<p>Recadar información sobre antecedentes escolares.</p> <p>.Propoñer medidas de acordo coa información do primeiro apartado e participar no seu seguimento.</p> <p>.Informar e negociar co alumnado sobre medidas a tomar</p> <p>Participar segundo se contempla na lexislación nas distintas medidas de atención á diversidade.</p>
Co grupo-clase	<p>Coordinar o proceso avaliador do alumnado e asesorar sobre a súa promoción e/ou titulación.</p> <p>Analizar os resultados do grupo, identificando posibles alternativas de mellora.</p>	<p>Promover actividades de información e de reflexión</p>	<p>Promover actividades de reflexión acerca de dificultades, necesidades, etc., para organizar liñas de actuación.</p>
Coas familias	<p>Implicar ás familias</p>	<p>Informalas sobre os itinerarios posibles e/ou saídas académicas e profesionais.</p>	<p>Informar ás familias sobre as medidas de atención á diversidade que se vaian a tomar, implicándoas.</p>
Co resto do profesorado.	<p>Coordinar tódolos procesos implicados no ensino-aprendizaxe.</p>	<p>Facilitar e canalizar información</p>	<p>.Coordinar o axuste da resposta educativa.</p>



	Actuar como catalizador de información.	acerca da toma de decisións	
Co equipo directivo	Facer chegar as propostas que o precisen.		

5.- O Apoio o PLAN DE ORIENTACIÓN A CADÉMICO PROFESIONAL.

O P.O.A.P. forma parte da función de titoría de todo docente e dos obxectivos do centro como ámbito educativo. En concreto, o labor de orientación vocacional forma parte do “Aprender a ser persoa”, tendo en conta que a etapa de Educación Secundaria é fundamental no desenvolvemento da personalidade individual dos nosos alumnos e que supón unha etapa de transición da educación básica á educación superior ou ao acceso ao mundo laboral.

As actividades do P.O.A.P. inclúense dentro de: o Plan de Acción de Titoría. - a P.X.A. (actividades complementarias e extraescolares), - as Programacións dos distintos Departamentos Didácticos. - o Plan anual de Actividades do Departamento de Orientación.

Por tanto, faise necesaria unha planificación de todas estas accións encamiñadas a favorecer a construción nos nosos alumnos dunha identidade, de definir os seus intereses persoais e profesionais, e de mostrarlles as diferentes opcións que lles ofrece o medio que teñen ao seu alcance

A.- Os obxectivos fundamentais que rexerán o apoio ao POAP, tamén para o 3º trimestre e dende un traballo online, son:

- Sensibilización e abordaxe nas titorías: valor da orientación académica e profesional.
- Información ao alumnado, profesorado e familias.
- Proceso de auto reflexión entre o alumnado.
- Procura e análise de información.
- Formación e asesoramento en canto a procesos de toma de decisión.
- Elección de alternativas, consello orientador e análise-valoración



-Toma de decisión final, con avaliación desta para ratificala ou empezar o proceso de procura de máis información.

B.- Cadros -resumen de actuacións dentro POAP

A continuación reflíctese:

Cadro-resumen de actuacións básicas dentro POAP en relación con obxectivos, actuacións e implicados así como, actividades por niveis educativos que se insiren no

PAT

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	IMPLICADOS	TEMPORALIZACIÓN	AVALIACIÓN
1. Conseguir o coñecemento das propias capacidades, intereses e motivacións por parte do alumnado para desenvolver as capacidades implicadas no proceso de toma de decisións.	1.1. Elaboración de documentos que permitan obter dita información 1.2. Entrevistas en casos puntuais 1.3. Actividades grupais desenvolvidas nas sesións de titoría	XE Orientación Titores-as	1º Trimestre	Valoración das actuacións desenvolvidas
2 Facilitar ao alumnado información relevante sobre as diferentes opcións e alternativas	2.1. Actividades informativas grupais e/ou individuais sobre optativas, itinerarios 2.2. Colaboración na elección de materias optativas e modalidades de Bacharelato 2.3. Coordinación coas actuacións propostas polo Departamento de FOL (Saídas profesionais, procura de emprego e auto emprego)	Titores-as DO FOL	Ao longo dos diferentes trimestres, fundamentalmente finais do 2º e no 3º trimestre	Ao final de curso
3. Pór ao alumnado en contacto co mundo do traballo para propiciar a súa inserción laboral	3.1. Actividades de orientación laboral 3.2. Integrar nas programacións dos Dtos. Didácticos as achegas	Titores-as DO FOL Dp didácticos	No 2º e no 3º trimestre	Ao final de curso



	que se consideren convenientes			
4. Contactar con instancias externas ao IES que poidan servir de punto de información para o alumno	4.1. Colaboracións con CIUG- Centros de información, documentación e estudos xuvenís / INEM // Confederación de empresarios... 4.2. Visitas á Universidade e outras saídas de interese no formación vocacional,...	Titores-as DO	3º trimestre	Ao final de curso
5. Informar os pais das distintas opcións educativas e laborais dos seus fillos ao termo de cada etapa	5.1. Atención individual a pais para tratar os temas académicos dos seus fillos e as opcións educativas 5.2 Atención grupal para explicar os cambios nos itinerarios educativos en base á nova reforma educativa (LOMCE)	Titores-as DO	3º trimestre	Ao final de curso

CADRO RESUMO ACTIVIDADES CONCRETAS CO ALUMNADO SEGÚN NIVEIS E OBXECTIVOS:

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	SECUENCIA POR NIVELES				
		ESO1º	2º	3º	4º	- 6º primaria
Proporcionar ao alumnado información suficiente sobre os distintos itinerarios académicos	-Relativa a optativas que o alumnado cursará no próximo ano académico		*	*	*	*
	-Relativas as materias que terá no próximo curso	*	*	*	*	*
	-Relativa a toma de decisións dos diferentes itinerarios a seguir para o próximo curso	*	*	*	*	
	-Charlas sobre estudos superiores -Charlas sobre el sistema educativo actual, en xeneral.				*	*
- Desenvolver no alumnado a capacidade de tomar decisións (auto coñecemento e coñecemento do sistema académico, consideración de	- Actividades de toma de decisións: ☐ Coñecemento de sí mesmo ☐ Coñecemento sistema educativo actual ☐ Coñecemento mundo laboral e as súas posibilidades	*	*	*	*	*



intereses e posibilidades persoais, etc.) ---- Coñecer e valorar de forma realista as súas capacidades, motivacións e intereses		
Proporcionar información ao alumnado sobre saídas laborais que se presentan ao termino das etapas educativas, sobre información profesional e busca de emprego	-Coordinación coas actuacións propostas polo departamento de FOL (charlas sobre saídas profesionais/ busca de emprego e auto emprego) - Participación nas actuacións necesarias	* *
Facilitar que o alumno/a supere posibles hábitos discriminatorios (debido a clase social pertenza sexo ou outra índole) a hora de elixir os seus estudos ou profesión	Actividades sobre igualdade de oportunidades, integración, etc	* * * *
Favorecer que os pais estean informados das distintas opcións educativas e laborais dos seus fillos ao termino de cada etapa ou ciclo educativo, con vistas a facilitar unha adecuada colaboración no proceso de toma de decisións do seu fillo/a	Charlas informativas a pais sobre os itinerarios educativos que os seus fillos-as poden seguir Atención individual a pais tratando os temas académicos dos seus fillos-as e as súas opcións educativas	* * * * * * * * *
Atención individual asesoramento a titores, profesores e alumnado	DO	* * * * *
Participar en la realización del informe individual del alumno	Cos titores, profesores de grupo, Equipo directivo e Departamento de Orientación	* * * * *
Relacionarnos con instancias externas ao IES que poidan servir de punto de información para o alumnado	CIUGA, UNIVERSIDADES. INEM, Programa A ponte USC,...	*

6.- Sinalar que respecto á :

- Será **TEMPORALIZACIÓN** do Plan de apoio á orientación e dos distintos programas e sub programas:



➤ **“Atención á diversidade”, “Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe”,** desenvolverase durante todo o ano escolar e ao longo do curso académico, procurando cumprir os aspectos máis burocráticos: adaptacións curriculares, ditames de escolarización, etc., nos tempos axeitados.

➤ **“Madureza vocacional e orientación profesional”,** prioritariamente no 2º e 3º trimestre inserido fundamentalmente no PAT, sobre todo no caso de ser un curso de cambio de etapa ou ciclo.

➤ **“Acción de tutoría”** ao longo de todo o curso; dende os diversos programas específicos deseñados e actuacións programadas, e inserindo actividades de outros plans e programas do centro educativo interdisciplinarias e transversalmente.

▪ Serán **RECURSOS** a empregar todos aqueles, tanto humanos como materiais e curriculares, de que o centro educativo dispón e que o contexto sociocultural do mesmo ofrezca. Adquirindo aqueles que sexan preciso e actualizando documentación e outros que sexa preciso para as actuacións a desenvolver. Nesta nova situación todos os relativos as TICs e novas tecnoloxías que faciliten a coordinación, colaboración e aprendizaxe online, non presencial que se nos demanda. (Plataformas web, classroom, Cisco Webex, e todas aquelas estimadas eficaces e óptimas para continuar coa labor tutorial e orientadora.) Crease unha Google Class Orientación dices e outra co centro PumarUrdilde, coas que poder interectuar, traballar e colaborar dende taboleiros diferenciados os diferentes especialistas do D.O e demais membros da comunidade escolar (profesorado, titores, familias, alumnado, dirección, especialistas,..)

▪ Será **METODOLOXIA** a considerar aquela que promova a cooperación e participación activa de tódolos implicados, e se basee nos principios educativos construtivistas e interactivos que actualmente plántea o noso modelo educativo vixente e nos que se fundamenta a acción orientadora; promovéndose as estratexias máis axeitadas. Dende os principios de prevención, desenvolvemento, sistemacidade, currículo. Moitas das intervencións artellaranse interdisciplinarmente coa implementación de programas específicos e participación en Plans e programas diversos



como: Plan Proxecta, Plan director, Programas diversos,... que no centro se establezan e dinamicen.

Neste terceiro trimestre primando aquelas ferramentas e tecnoloxías online que apoiem e favorezan continuar coa labor orientadora dende os principios sinalados e para o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso escolar na medida do posible ante a nova situación non presencial.

- Será a **AVALIACIÓN** do plan e programas desenvolvidos global e continua, coa colaboración activa de todos os axentes participantes; dende os principios da investigación-acción. Considerarase tres momentos/fases fundamentais: inicio, continua (procesual) e final (sumativa). Implicando a tódolos participantes e con fin de mellora da calidade do mesmo, reflectíndose propostas de actuación e mellora e logros nunha memoria final do Departamento. Empregando instrumentos diversos tanto cuantitativos como cualitativos e mais ou menos formais (observación, reunións de coordinación e seguimento, enquisas, ...) Fundamentalmente de tipo online, de non poder darse a incorporación presencial ao traballo no centro educativo.

7.- ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS

Foron Actividades e programas propostos para implementarse complementariamente dende os plans e subprogramas sinalados para o curso académico, inseridas na dinámica da acción de titoría (PAT). Interdisciplinarmente co desenvolvemento de diferentes programas externos (*Plans proxecta, director, contratos programa, etc.*). Fóronse concretando para cada etapa e nivel cos titores/as cales se creron mais axeitados e idóneos para cada grupo de acordo as súas dinámicas, características e necesidades. Sendo maioritariamente a desenvolver e inseridas dentro das actuacións deseñadas respecto das actuacións de titorías.

Ante a situación de traballo non presencial as actividades pendentes non poderán ser desenvolvidas no centro educativo, quedando pospostas ou sendo desenvolvidas se fose posible de xeito online.

Entre os obradoiros e actuacións complementarias sinalar:

- **OBRADOIROS - CHARLAS:**
- **OBRADOIROS DE TÉCNICAS DE ESTUDO**



Dirixido a todo o alumnado e fundamentalmente ó alumnado de 5º, 6º primaria e de niveis iniciais da E.S.O. fundamentalmente. Realizar explicitamente no 1º trimestre de curso en acción de titoría pero a continuar ao longo do curso; **no terceiro trimestre continuarase a apoiar de xeito online e telemática mente dende o DO e os equipos educativos**. Os contidos englobados neste obradoiro/s non pertencen a ningunha materia concreta, mais afecta, sen dúbida, aos resultados de tódalas áreas. Son obxectivos xerais destes obradoiros. Que o alumnado:

- planifiquen adecuadamente o seu tempo de estudo
- sexan capaces de deseñar un plano de estudo personalizado en función das súas características
- adquiran unhas pautas que lles permitan elaborar correctamente resumos, esquemas, mapas conceptuais, etc
- coñezan diferentes técnicas coas que exercitar e aumentar a súa capacidade de atención, concentración, a súa memoria

- OBRADOIROS E PROGRAMA DE HBS SOCIAIS, RESOLUCIÓN CONFLICTOS E PRESIÓN DE GRUPO

Dirixido a todo ó alumnado

- O obradoiro para a ESO e 5º/6º de primaria presentarase como **Resolución de conflitos I e II**, permitindo a opción de que o alumnado amplíe e afonde nos contidos xa presentados, inseríndoos e elixindo a implementación das actividades e sesións en titorías para os diferentes niveis e etapas. Complementaran o traballo a desenvolver co Programa de habilidades sociais do PAT. **No terceiro trimestre continuará a desenvolverse de xeito online e telemática mente.**

Obxectivos xerais serán: Que o alumnado:

- coñezan o significado de termos e estratexias de resolución positiva de conflitos e comunicación interpersonal, como **empatía, asertividade e escoita activa**.
- distinguan e clasifiquen as características que definen os estilos de comunicación e relación interpersoais pasivo, asertivo e agresivo, e identifiquen o seu propio estilo de comunicación



- clasifiquen e comparen as consecuencias de cada un dos estilos de comunicación e relacionen o concepto de empatía e a escoita activa cos estilos de comunicación.
- coñezan a definición e as características do **conflito** e enumerar formas positivas e negativas de afrontar un conflito.
- coñezan as transformacións que durante o “**rumor**” se producen na mensaxe inicial e demostren a dinámica do rumor.
- executen unha toma de decisións eficaz na resolución de problemas, utilizando formas non violentas para afrontar un conflito.
- manexen a empatía e a comunicación activa para unha comunicación eficaz.
- respecten as opinións dos demais aínda que difiran da nosa
- practicar a escoita activa no proceso de comunicación
- * os mensaxes “eu” en primeira persoa

Na educación infantil e primeiros niveis de educación primaria farase fincapé na concienciación das emocións e na súa xestión positiva, e achegamento a estratexias e habilidades sociais iniciais e mais básicas. Traballando o desenvolvemento da intelixencia emocional e afectiva do alumnado, e resolución positiva de conflitos.

- OBRADOIROS DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE E CONVIVENCIA POSITIVA

Dirixido a todo o alumnado. A realizar ao longo do curso, e neste 3º trimestre dende traballo telemático e en liña.

Obxectivos xerais serán: Que o alumnado especialmente dos últimos niveis de primaria e niveis da ESO:

- coñezan e falen sobre a etapa na que se atopan: a adolescencia.
- coñezan o significado de termos como androcentrismo e estereotipos tradicionais de xénero.
- sexan conscientes da construción do patriarcado e da desigualdade entre homes e mulleres.
- coñezan a contribución das mulleres a facer historia e construír mundo.
- desenvolvan os desexos de liberdade e tolerancia como elementos fundamentais para construír proxectos de vida, dende unha visión igualitaria dos sexos.



- recoñezan, analicen e valoren a representación de homes e mulleres nos medios de comunicación e no ámbito público da sociedade.
- aprendan a rexeitar as actitudes sexistas e androcéntricas que provocan desigualdades.
- desenrolen a capacidade para valorar en igual medida as contribucións de homes e mulleres en todos os contextos, disciplinas e movementos históricos.
- realicen as súas propias propostas para a erradicación das desigualdades de xénero.
- desenrolen a vontade de expresarse con liberdade e sen violencia, e de favorecer a expresión libre e dos demais afectiva e emocional sen estereotipos tradicionais.

- OBRADOIROS DE EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL E PARA A IGUALDADE

Dirixido a todo o alumnado e fundamentalmente ó alumnado de E.S.O (2º // 3º); sen detrimento de abordar a temática ao longo de todas as etapas e niveis na actuación tutorial; xa que a educación emocional e afectivo sexual está presente como unha parte mais do desenvolvemento e fundamental ao longo da vida.

Realizados no 2º Trimestre de curso.

Obxectivos xerais serán: Que o alumnado coñezan e reflexionen sobre:

- a sexualidade como parte da condición humana: anatomía, a fisioloxía e a diversidade sexual natural das persoas (ser neno/a, condicións biolóxicas: corpo, xenitais; puberdade, menstruación, embarazo, climaterio; heterosexualidade, homosexualidade, bisexualidade, transexualidade,...).
- os valores sociais positivos e negativos que se lle confiren ao afectivo e ao sexual (xénero, orientación e identidade sexual, discriminación sexual, igualdade, etc.).
- a realidade social das condicións sexuais menos afortunadas, discriminación por razóns de xénero, sexo ou orientación e identidade sexuais.
- a problemática sexual de toda índole que pode afectar ás persoas (problemas persoais, embarazos non desexados, ETSs...).
- perdan o medo aos órganos e aos fenómenos sexuais.
- adquiren condutas maduras e saudábeis cara ás súas futuras prácticas sexuais.
- aprendan a apreciar e respectar plenamente a diversidade sexual humana, a reflexionar sobre os estereotipos de sexo e xénero tradicionais, rexeitando e identificando a violencia de xénero.



- OBRADOIROS DE TOMA DE DECISIÓN E ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

Dirixido o alumnado de ESO fundamentalmente e último curso de Ed. Primaria.

Realizados dende Google Classroom, e traballo online

Obxectivos xerais serán: Que o alumnado coñeza e reflexione sobre:

*O proceso de toma de decisión, e desenvolvan o seu proceso de madureza vocacional.

*As diferentes opcións e saídas socio-laborais e formativas... (dende información actualizada, asistencia charlas, obradoiros, visitas a entidades e organismos relacionados, ...)

Para que conste e aos efectos oportunos, elevase a seguinte concreción e modificación do Plan anual do DO e para o 3º trimestre.

Revisado en Rois, Abril de 2020

Asdo.

Carmen Garabal G.

A responsable do D.O do CPI dos Dices

A at. Da Dirección do centro educativo, CPI Os Dices (Rois)